Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/31	GOB19I0089	
0R6T 0H0Z 0E4Q 1R6W 0DKK		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE **NON ASISTE:** TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª D/DªMARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª D/DªALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinte de marzo de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade deulle a súa aprobación

2 .- DAR CONTA DA RESOLUCION DE ALCALDIA DE CORRECCIÓN DO IMPORTE SOLICITADO NA SUBVENCIÓN A CONSELLERIA DE EMPREGO COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TECNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACION LABORAL NO ANO 2025 .

.-Dada conta da Resolución da Alcaldía que di así:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

"ASUNTO: Corrección do importe solicitado como subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para contratación do persoal técnico para realización de actividades de orientación laboral no ano 2025.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, publica no DOG nº 15 de 23 de xaneiro de 2025, a orde de 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico, para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025 (Código de procedemento TR331A).

Ao abeiro da convocatoria referenciada no parágrafo anterior, o concello de Narón, dicta en data 12/02/2025 a Resolución de Alcaldia (documento opencertiac SSO19I00SK) e posterior dación en conta da Xunta de Goberno Local de 20/02/2025 (documento opencertiac GOB19I004M), solicitando a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha subvención de 31.800,00€, cunha achega municipal de 21.041,84€ para un custe total de 52.841,84€, que é importe que establece o Servizo de Organización e Recursos Persoais (PER19I00KR), para a contratación do personal técnico para realización de actividades de orientación laboral durante o período de 01/02/2025 a 31/01/2026.

En data 28/02/2025 (Documento opencertiac REX19E0AJM), é recepcionada polo concello de Narón, unha emenda da solicitude da subvención para a contratación de persoal técnico para realización de actividades de orientación laboral, da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, número de expediente TR331A-2025-00000056-00.

Na enmenda se indica que existe un erro no anexo I de solicitude de subvención, en dous cadros; No cadro de SUBVENCIÓN SOLICITADA, e no cadro de CENTROS, PERSOAL E SUBVENCIÓN SOLICITADA, dado que o importe máximo que se pode solicitar no anexo é de 31.000,00€, e a asignación do importe de 800,00€ que corresponde ao módulo de gastos, xa se faría de oficio no caso de que se produza a concesión. Nos dous cadros referenciados o concello de Narón indica na solicitude o importe de 31.800,00€

Co obxecto de proceder a subsanación da enmenda realizada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxo plazo remata o 14/03/2025 e correxir o importe máximo que se pode solicitar fixado en 31.000,00€ e non 31.800,00€ indicados por erro, o Servizo Sociocomunitario Municipal elabora en data 06/03/2025, o documento informe-proposta (SSO19I0197) para a súa fiscallización por parte da Intevención Xeral, a cal, realiza unha anotación en data 11/03/2025 que literalmente dí:

"Sendo o importe solicitado de 31.000€, cómpre modificar o cadro de financiación"

En base ao anterior, faise necesario realizar unha nova Resolución de Alcaldía que recolla o importe correcto de 31.000,00€.

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para solicitar as subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores poderán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (....) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (....).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
- *Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*

- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.*
- *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Orde de 27 de decembro de 2024, publicada no DOG nº 15 de 23 de xaneiro de 2025, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.*
- *Bases de execución do orzamento en vigor.*
- *Resolución de Alcaldía aprobando a solicitude de subvención a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para contratación de persoal técnico para actividades de orientación laboral no ano 2025 (documento opencertiac SSO19IOOSK).*
- *Enmenda da solicitude de subvención para contratación de persoal técnico de orientación laboral, recepcionada o 28/02/2025.*
- *Informe proposta enmenda solicitude subvención (SSO19I0197)*

Á vista do anterior, A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón a Alcaldía que resolva:

Primeiro. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para solicitar a subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025.
Segundo. Solicitar unha subvención por importe 31.000,00€, á Conselleria de Emprego, Comercio e Emigración, para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025, procedendo a corrección do importe erróneo anteriormente solicitado de 31.800,00€. O novo desglose do proxecto correxido é o seguinte:

Importe total do proxecto	*52.841,84€*
Subvención solicitada a Conselleria de Promoción do Emprego e Igualdade.	*31.000,00€*
Achega Municipal	*21.841,84€*

ACHEGA AUTONÓMICA- PERÍODO DE PRÓRROGA DO CONTRATO 01-02-2025 A 31-01-2026			
APLICACIÓN ECONÓMICA	*2025*	*2026*	*TOTAL*
2410/13000	*9.345,62*	*750,13*	*10.095,75€*
2410/13002	*10.792,76*	*830,21*	*11.622,97€*
2410/13003	*1.837,14*	*77,67*	*1.914,81€*
2410/16000	*6.756,96*	*609,51*	*7.366,47*
Total	*28.732,48€*	*2.267,52€*	*31.000,00€*

ACHEGA MUNICIPAL- PERÍODO DE PRÓRROGA DO CONTRATO 01-02-2025 A 31-01-2026			
APLICACIÓN ECONÓMICA	*2025*	*2026*	*TOTAL*
2410/13000	*6.584,70*	*528,53*	*7.113,23€*
2410/13002	*7.604,32*	*584,95*	*8.189,27€*
2410/13003	*1.294,41*	*54,72*	*1.349,13€*
2410/16000	*4.760,79*	*429,42*	*5.190,21*
Total	*20.244,22€*	*1.597,62€*	*21.841,84€*

Terceiro. A Achega do concello financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 2410/13000, 2410/13002, 2410/13003 e 2410/16000, tal como queda reflexado nos desgloses de financiamento anteriores.

Cuarto. O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080.

Quinto. O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

Sexto. Nomear a Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Emprego e Igualdade no refente a esta solicitude de subvención.

Sétimo.Dar conta da Resolución á Xunta de Goberno Local."

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 11/03/2025, documento de intervención(ICO19I001C), do documento SSO19I01CC, do expediente EMP/2025/3, esta Alcaldía,

en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

3 .- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERIA DE POLITICA SOCIAL PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA NO EXERCICIO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO SI436A) .- Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

ASUNTO: Solicitude de subvención á Consellería de Política Social e Igualdade , para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinaciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025 .

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

A Consellería de Política Social e Igualdade, publica no DOG nº25 de 06/02/2025, a orde de 03/01/2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas pola Unión Europea, no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025.(códigos de procedemento SI436A,SI435A e SI427B).

O concello de Narón, desenvolve o Programa Corresponsables (LIÑA6-III do Plan de Igualdade), cuxas actuacións encaixan nunha das líneas de financiación da convocatoria referenciada como é o programa Plan Corresponsables (SI436A), e cumpre os requisitos estabrecidos, polo tanto estímase oportuno optar a esta posible cofinanciación.

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para a solicitude das subvencións doutras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores poderán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (....) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (....).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a solicitude da subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.*
- *Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.*

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais*
- *RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- *Orde de 03/01/2025 publicada no DOG número 25 de 06/02/2025, da Consellería de Política Social e Igualdade, pola que se establecen as bases para promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinaciadas parcialmente pola Unión Europea, no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025, (códigos de procedemento SI436A,SI435A e SI427B).*

Á vista do anterior, A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón a Alcaldía que resolva:

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para solicitar á subvención da Consellería de Política Social e Igualdade para a promoción da Igualdade de forma individual do ano 2025, ao abeiro da orde de 03/01/2025.

2º.- Aprobar a solicitude de subvención para o programa Corresponsables no ámbito local por importe de 36.858,54€, procedemento SI436A, aceptando expresamente as condicions de financiación e demais requisitos estabrecidos na convocatoria referenciada, co seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OPERACIÓN CONTABLE	IMPORTES IMPUTADOS		
			CONCELLO	ADMINIST. CONVOCANTE	IMPORTE TOTAL
1,- Programas					
Ludoteca	3230.22799	220240020020 (O Oct 2024, 2.984,99€) 220240026838 (O Nov 2024, 2.984,99€) 220240030828 (OPA 1 al 15 Dic 2024, 1.392,04€) 220249000371 (AD 16 Dic 2024 a 30 Sep 2025, 28.457,86€)	11.572,84 €	24.247,04 €	35.819,88 €
Tardes Xuvenís	3341.22799	220240031084 (OPA 21 al 27 Dic 2024, 4.233,90€)	1.522,40 €	2.711,50 €	4.233,90 €
Mocidade Semana Santa	3341.22799		5.099,00 €	900,00 €	5.999,00 €
Mocidade Verán	3341.22799		4.799,00 €	1.200,00 €	5.999,00 €
Concilia Verán	2311.22799		7.199,00 €	7.800,00 €	14.999,00 €
Total Programas			30.192,24 €	36.858,54 €	67.050,78 €
TOTAL			30.192,24 €	36.858,54 €	67.050,78 €

3º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias: 3230 22799 / 2311 22799/ 3341 22799

4º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade, coa Consellería de Política Social e igualdade no refente a esta solicitude de subvención.

5º.-O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080.

6º.- Dar conta da Resolución de Alcaldía á Xunta de Goberno Local."

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 05/03/2025, documento de intervención(ICO19I0016), do documento(MOC19I001P) do expediente MOC/2025/5, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜISTICA DA XUNTA DE GALICIA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜISTICA EN 2025.-
Vista a proposta formulada que di así: O día 11-03-2025 a técnica do Servizo de Normalización Lingüística elevou á concelleira delegada de Política Lingüística o informe-proposta co código ASI19I00AO, do expediente ASI/2025/111, que literalmente di:
"INFORME-PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2025
Logo de ver o anuncio do 4 de marzo de 2025, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, polo que se establecen as bases da convocatoria de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos en 2025, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Política Lingüística que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Solicitar a subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística para financiar o mantemento do servizo de normalización lingüística durante a anualidade 2025, de acordo co seguinte plan de financiamento:

Custos totais de persoal	*69.633,72 euros* • *9200-12000: 17.560,44* • *9200-12006: 3.379,50* • *9200-12100: 9.764,02* • *9200-12101: 13.381,20* • *9200-15000: 11.057,15* • *9200-16000: 14.491,41*
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	*20.000 euros*
Achega do concello	*0 euros*
Contía da subvención solicitada	*49.633,72euros*

***Segundo**.- No caso de ser concedido o importe da subvención por debaixo da cantidade solicitada non suporá a renuncia á subvención pois o gasto de persoal está incluído no orzamento do concello de 2025.*

***Terceiro**.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases da convocatoria da devandita subvención.*

***Cuarto**.- Facultar á señora alcaldesa-presidenta para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para formalizar a subvención.*

***Quinto.-** O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080."*

Logo de ver a toma de razón por parte dos servizos económicos do Concello, documento co código ICO19I001D, esta concelleira delegada de Política Lingüística propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta do acordo aos servizos económicos do Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- DACIÓN DE CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN, DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO, PARA A APLICACIÓN DE SOLUCIÓNS BASEADAS NA NATUREZA ORIENTADAS Á PREVENCIÓN DE RISCOS ASOCIADOS AO CAMBIO CLIMÁTICO EN ESPAZOS URBANOS E PERIURBANOS (PROGRAMA GALICIA REFUXIO CLIMÁTICO) ..- Vista a proposta formulada que di así:

"Expediente CON/2025/27: Subvención da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (Programa Galicia Refuxio Climático)

Asunto: dación de conta á Xunta de Goberno Local da solicitude de subvención

O xefe do Servizo de Contratación, en data 11 de marzo de 2025, elevou a esta Alcaldía o informe proposta do código CON19I00Q7 que di:

"Con data 27 de febreiro de 2025 a alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código CON19I00N8 que di:

"O xefe do Servizo de Contratación, en data 27 de febreiro de 2025, elevou a esta alcaldía-presidencia un informe-proposta que literalmente di:

“Expediente CON/2025/27: Subvención da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (Programa Galicia Refuxio Climático)

Asunto: Proposta de solicitude de subvención

En relación coa Orde, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 29 de xaneiro de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia reguxio climático) e se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2025, publicada no DOGA núm. 33 do 18 de febreiro de 2025, emítese o seguinte

INFORME-PROPOSTA

Sinalan os antecedentes da orde referida que os entes locais e rexionais están en primeira liña para facer fronte aos impactos do cambio climático a escala local e aumentar a resiliencia dos seus territorios ante os retos climáticos. Por conseguinte, é necesario facer fronte ao problema do cambio climático tanto desde unha aproximación global como local, tendo en conta as características e circunstancias de cada realidade territorial, municipio ou barrio.

Os municipios contan cunha importante capacidade adaptativa a través de políticas locais especialmente relevantes, como son a planificación urbanística, o abastecemento de auga potable, as redes de saneamento e o tratamento de augas residuais, a xestión de vías e espazos públicos, a protección ambiental ou a saúde pública.

Neste sentido, a presente convocatoria de axudas pretende apoiar as entidades locais na súa actuación na loita contra o cambio climático, tanto en accións de mitigación como de adaptación a este fenómeno.

En tal contexto, é intención deste Concello acometer os seguintes investimentos, que de acordo coas memorias valoradas que constan no expediente, enténdese que teñen encaixe na dita convocatoria, segundo o establecido no artigo 3.1 das bases:

Denominación	Tipoloxía
Rehabilitación da zona de sombra mediante a renovación da pérgola da Praza do Concello	Proxectos tipo B. Incremento da biodiversidade urbana e aumento de zonas verdes urbanas: b) Cubertas verdes en infraestrutura urbana
Acondicionamento do bordo do Río Freixeiro	Proxectos tipo C. Mellora da infraestrutura urbana verde e azul: a) Restauración de treitos urbanos de ríos.

Adecuación e mellora do espazo público na rúa Estrada de Castela	Proxectos tipo C. Mellora da infraestrutura urbana verde e azul: b) Mellora da conectividade natural entre o medio urbano e periurbano.

Os investimentos presentan o seguinte orzamento, comprensivo tanto da obra civil como dos honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, igualmente subvencionables de acordo co artigo 4.2 das bases:

Denominación	Importe obra	Honorarios DO-CSS	Total
Rehabilitación da zona de sombra mediante a renovación da pérgola da Praza do Concello	36.175,33 €	1.519,97 €	37.695,30 €
Acondicionamento do bordo do Río Freixeiro	47.971,56 €	2.015,61 €	49.987,17 €
Adecuación e mellora do espazo público na rúa Estrada de Castela	47.327,17 €	1.988,54 €	49.315,71 €
		TOTAL	136.998,18 €

Consta no expediente o plan de financiamento provisional previsto para facer fronte aos investimentos.

Por outra banda, sinala a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu art. 10, que *os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente (...)*

Neste caso, corresponde á alcaldía-presidencia a avocación da competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a solicitude desta subvención, debido á necesidade de tramitar coa maior brevidade a solicitude sen esperar a unha sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, dado que para os efectos da concesión das axudas terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes, validamente presentadas ata que se esgote o orzamento da convocatoria, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita solicitude e do acto de avocación.

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen subscribe, previo informe da intervención xeral deste Concello, eleva á alcaldía-presidencia, a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Avocar da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos antecedentes deste informe e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

SEGUNDO: Solicitar da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático unha subvención de 109.598,55 €, para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático), segundo o seguinte desglose:

Denominación	Total	Subvención solicitada
Proxectos tipo B. Incremento da biodiversidade urbana e aumento de zonas verdes urbanas; letra b) Cubertas verdes en infraestrutura urbana: Rehabilitación da zona de sombra mediante a renovación da pérgola da Praza do Concello	37.695,30 €	30.156,24 €
Proxectos tipo C. Mellora da infraestrutura urbana verde e azul; letra a): Restauración de treitos urbanos de ríos: Acondicionamento do bordo do Río Freixeiro	49.987,17 €	39.989,74 €
Proxectos tipo C. Mellora da infraestrutura urbana verde e azul; letra b): Mellora da conectividade natural entre o medio urbano e periurbano: Adecuación e mellora do espazo público na rúa Estrada de Castela	49.315,71 €	39.452,57 €
TOTAL	136.998,18 €	109.598,55 €

TERCEIRO: Aprobar o cadro de financiamento provisional para esta actuación, segundo documento adxunto a esta proposta, e resumido como segue:

Aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático)		
Proxecto 1: Rehabilitación da zona de sombra mediante a renovación da pérgola da Praza do Concello		
Importe total		37.695,30 €
Recursos externos		30.156,24 €
Fondos propios	1710.61900	7.539,06 €
Proxecto 2: Acondicionamento do bordo do Río Freixeiro		
Importe total		49.987,17 €
Recursos externos		39.989,74 €
Fondos propios	1720.61900	9.997,43 €

Proxecto 3: Adecuación e mellora do espazo público na rúa Estrada de Castela		
Importe total		49.315,71 €
Recursos externos		39.452,57 €
Fondos propios	1720.60900	9.863,14 €
TOTAL		
Importe total		136.998,18 €
Recursos externos		109.598,55 €
Fondos propios	1710.61900	7.539,06 €
	1720.61900	9.997,43 €
	1720.60900	9.863,14 €
	Total fondos propios	27.399,63 €

CUARTO: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático referida nos antecedentes deste acordo.

QUINTO: Facultar á alcaldía-presidencia á representación deste Concello en cantos trámites sexan necesarios coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en relación con este procedemento".

Polo exposto, e unha vez tomada razón do documento polo departamento de Intervención de Fondos en data 27 de febreiro de 2025 (ICO19I0014), esta alcaldía-presidencia

R E S O L V E :

PRIMEIRO: Avocar da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos antecedentes deste informe e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

SEGUNDO: Solicitar da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático unha subvención de 109.598,55 €, para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático), segundo o seguinte desglose:

Denominación	Total	Subvención solicitada
Proxectos tipo B. Incremento da biodiversidade urbana e aumento de zonas	37.695,30 €	30.156,24 €

verdes urbanas; letra b) Cubertas verdes en infraestrutura urbana: Rehabilitación da zona de sombra mediante a renovación da pérgola da Praza do Concello		
Proxectos tipo C. Mellora da infraestrutura urbana verde e azul; letra a): Restauración de treitos urbanos de ríos: Acondicionamento do bordo do Río Freixeiro	49.987,17 €	39.989,74 €
Proxectos tipo C. Mellora da infraestrutura urbana verde e azul; letra b): Mellora da conectividade natural entre o medio urbano e periurbano: Adecuación e mellora do espazo público na rúa Estrada de Castela	49.315,71 €	39.452,57 €
TOTAL	136.998,18 €	109.598,55 €

TERCEIRO: Aprobar o cadro de financiamento provisional para esta actuación, segundo documento adxunto a esta proposta, e resumido como segue:

Aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático)		
Proxecto 1: Rehabilitación da zona de sombra mediante a renovación da pérgola da Praza do Concello		
Importe total		37.695,30 €
Recursos externos		30.156,24 €
Fondos propios	1710.61900	7.539,06 €
Proxecto 2: Acondicionamento do bordo do Río Freixeiro		
Importe total		49.987,17 €
Recursos externos		39.989,74 €
Fondos propios	1720.61900	9.997,43 €
Proxecto 3: Adecuación e mellora do espazo público na rúa Estrada de Castela		
Importe total		49.315,71 €
Recursos externos		39.452,57 €
Fondos propios	1720.60900	9.863,14 €
TOTAL		
Importe total		136.998,18 €

Recursos externos		109.598,55 €
Fondos propios	1710.61900	7.539,06 €
	1720.61900	9.997,43 €
	1720.60900	9.863,14 €
	Total fondos propios	27.399,63 €

CUARTO: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático referida nos antecedentes deste acordo.

QUINTO: Facultar á alcaldía-presidencia á representación deste Concello en cantos trámites sexan necesarios coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en relación con este procedemento."

En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

- A dación en conta, á Xunta de Goberno Local, da adopción da resolución transcrita."

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello de data 12 de marzo de 2025, segundo o documento de código ICO19I001E, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6 .- DACIÓN DE CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN, NO MARCO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL E EN LIÑA DA CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DE CLIMATIZACIÓN DO ALBERGUE DE ALDEA NOVA (SEDES)..- Vista a proposta formulada que di así:

"Expediente CON/2025/29: Subvención, no marco do Fondo de Compensación Ambiental e en liña de concorrencia competitiva, para a "Mellora da eficiencia enerxética da climatización do albergue de Aldea Nova (Sedes)"

Asunto: dación de conta á Xunta de Goberno Local da solicitude de subvención

O xefe do Servizo de Contratación, en data 11 de marzo de 2025, elevou a esta Alcaldía o informe proposta do código CON19I00Q8 que di:

"Con data 6 de marzo de 2025 a alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código CON19I00OO que di:

"O xefe do Servizo de Contratación, en data 5 de marzo de 2025, elevou a esta alcaldía-presidencia un informe-proposta que literalmente di:

"Expediente CON/2025/29: Subvención, no marco do Fondo de Compensación Ambiental e en liña de concorrencia competitiva, para a "Mellora da eficiencia enerxética da climatización do albergue de Aldea Nova (Sedes)"

Asunto: Proposta de solicitude de subvención

En relación coa Orde, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do 23 de xaneiro de 2025, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, publicada no DOGA núm. 25 do 6 de febreiro de 2025, emítese o seguinte

INFORME-PROPOSTA

Sinala o artigo 1 da orde de referencia que o Fondo de Compensación Ambiental ten como finalidade a aplicación de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial. Por medio desta orde regúlanse os criterios de repartición e establécense as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, afectadas á realización de gastos que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego.

Segundo o artigo 3, a orde inclúe, segundo o principio de economía procedemental, dúas liñas de subvención coa mesma causa e finalidade, isto é, o cumprimento da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental:

a) Convocatoria de subvencións de natureza non competitiva, destinada a aqueles concellos de Galicia cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico (…)

b) Convocatoria de subvencións de natureza competitiva.

Dentro da convocatoria de natureza non competitiva, está en trámite a subvención para a elaboración dun informe de seguimento completo do PACES (plan de acción do pacto das alcaldías polo clima e a enerxía sostible); a través do expediente ASI/2025/92.

Dentro da convocatoria de natureza competitiva, é intención deste Concello acometer o investimento denominado "Mellora da eficiencia enerxética da climatización do albergue de Aldea Nova (Sedes)", de acordo coa memoria valorada elaborada polo departamento de

Servizos Básicos, que consta no expediente. Resumidamente, a obra consistirá na substitución da actual caldeira eléctrica que alimenta o chan radiante do albergue de Aldea Nova, por unha unidade interior de aerotermia – bomba de calor. Instalarase un autoconsumo fotovoltaico para alimentar a aerotermia, así como un termo eléctrico de auga quente sanitaria da cociña. Esta intervención permitirá un importante aforro enerxético na instalación.

Este investimento considérase subvencionable, de acordo co artigo 4.1 das bases:

1. Considéranse gastos elixibles ou subvencionables:

a) Os investimentos en inmobilizado: custo de man de obra externa, execución material, equipamentos e instalacións.

(...)

3. En todo caso, as subvencións están destinadas á realización de actuacións de investimento e a custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural, e deberán responder a algún dos seguintes criterios ou obxectivos:

(...)

b) Actuacións de impulso da eficiencia e de utilización sustentable das enerxías renovables.

(...)

4. Para os efectos do previsto neste artigo, considerarase que atenden os criterios determinados nas letras a), b) e c) do ordinal terceiro anterior, entre outros, os seguintes proxectos:

(...)

c) Mellora da eficiencia enerxética das instalacións e edificios municipais e utilización de enerxías renovables:

(...)

3. Climatización interior: instalación de sistemas centralizados de calefacción, sistemas de regulación de temperatura interior, illamento dos circuítos de distribución.

4. Instalación de caldeiras de biomasa e paneis solares térmicos.

(...)

O investimentos presenta o seguinte orzamento, comprensivo tanto da obra civil como dos honorarios de dirección de obra, igualmente subvencionables de acordo co artigo 4.1.b) das bases:

Denominación	Importe obra	Honorarios DO	Total
Mellora da eficiencia enerxética da climatización do albergue de Aldea Nova (Sedes)	36.579,51 €	1.280,28 €	37.859,79 €

Consta no expediente o plan de financiamento provisional previsto para facer fronte aos investimentos, segundo o cal se deduce que procede a solicitude dunha subvención por importe de 30.287,83 € (80,00% do total).

Por outra banda, sinala a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10:

> *(...) os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente (...)*

Neste caso, corresponde á alcaldía-presidencia a avocación da competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a solicitude desta subvención, vista a data de expiración do prazo de solicitude da subvención e debido á imposibilidade de formular esta proposta antes de que se convoque a sesión daquel órgano, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita solicitude e do acto de avocación.

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen subscribe, previo informe da intervención xeral deste Concello, eleva á alcaldía-presidencia, a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Avocar da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos antecedentes deste informe e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

SEGUNDO: Solicitar da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención de 30.287,83 €, no marco do Fondo de Compensación Ambiental e en liña de concorrencia competitiva, para a "Mellora da eficiencia enerxética da climatización do albergue de Aldea Nova (Sedes)".

TERCEIRO: Aprobar o cadro de financiamento provisional para esta actuación, segundo documento adxunto a esta proposta, e resumido como segue:

Mellora da eficiencia enerxética da climatización do albergue de Aldea Nova (Sedes)		
Importe total		37.859,79 €
Recursos externos		30.287,83 €
Fondos propios	3370.63300	7.571,96 €

CUARTO: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes referida nos antecedentes deste acordo.

QUINTO: Facultar á alcaldía-presidencia á representación deste Concello en cantos trámites sexan necesarios coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en relación con este procedemento."

Polo exposto, e unha vez tomada razón do documento polo departamento de Intervención de Fondos en data 5 de marzo de 2025 (ICO19I0018), esta alcaldía-presidencia

R E S O L V E :

PRIMEIRO: Avocar da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos antecedentes deste informe e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

SEGUNDO: Solicitar da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención de 30.287,83 €, no marco do Fondo de Compensación Ambiental e en liña de concorrencia competitiva, para a "Mellora da eficiencia enerxética da climatización do albergue de Aldea Nova (Sedes)".

TERCEIRO: Aprobar o cadro de financiamento provisional para esta actuación, segundo documento adxunto a esta proposta, e resumido como segue:

Mellora da eficiencia enerxética da climatización do albergue de Aldea Nova (Sedes)		
Importe total		37.859,79 €
Recursos externos		30.287,83 €
Fondos propios	3370.63300	7.571,96 €

CUARTO: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes referida nos antecedentes deste acordo.

QUINTO: Facultar á alcaldía-presidencia á representación deste Concello en cantos trámites sexan necesarios coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en relación con este procedemento."

En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

- A dación en conta, á Xunta de Goberno Local, da adopción da resolución transcrita."

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello de data 12 de marzo de 2025, segundo o documento de código ICO19I001F, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

7 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E APARATOS DE VENDA AUTOMÁTICA, FOTOGRAFÍA OU SIMILARES, DO ANO 2025 .-

(…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal da taxa por OVP con caixeiros automáticos do ano 2025, cun total de 8 contribuintes e un importe de 2.736,08 €.

CONTRIBUINTE	ENDEREZO NOTIFICACION	SITUACION	CIF	TAXA
BANCO SANTANDER	AV CATABRIA S/N 28660 BOADILLA DEL MONTE MADRID	R/ 25 DE XULLO Nº 1	A-39000013	342,01 €
BANCO SANTANDER	AV CATABRIA S/N 28660 BOADILLA DEL MONTE MADRID	R/ 25 DE XULLO Nº 1	A-39000013	342,01 €
BANCO SABADELL-GALEGO	ESTDA CASTELA 270	ESTDA CASTELA 270	A-08000143	342,01 €
ABANCA	AVDA SANTA ICIA 103	AVDA SANTA ICIA 103	A-70302039	342,01 €
ABANCA	AVDA SANTA ICIA 103	AVDA SANTA ICIA 103	A-70302039	342,01 €
ABANCA	AVDA SANTA ICIA 103	R/25 DE XULLO	A-70302039	342,01 €
CAIXABANK	ESTDA CASTELA, 124-126	ESTDA CASTELA, 124-126	A-08663619	342,01 €
CAIXABANK	ESTDA CASTELA, 124-126	ESTDA CASTELA, 124-126	A-08663619	342,01 €

SEGUNDO: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 .- <u>PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIONS DEPORTIVAS DE MARZO 2025 E LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS COMPLEMENTARIAS DE FEBREIRO DE 2025 .</u>.-
(…)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de marzo de 2025, por importe de **7.444,95 €** e **43 recibos.**

SEGUNDO: Aprobar as liquidacións tributarias complementarias das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de febreiro de 2025, por importe de **1.570,65 €** e **24 recibos.**

TERCEIRO: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

CUARTO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

QUINTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

<u>VOTACIÓN E ACORDO.-</u> A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

9 .- <u>PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS CURSOS E ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE MARZO DE 2025 .</u>.-
(…)
PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de marzo de 2025, cun importe de 31.322,43 € e 1.590 contribuíntes.

SEGUNDO: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

10 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS DO MES DE MARZO DE 2025 ..-

(…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal das taxas polos servizos prestados nas Escolas Infantís Municipais, do mes de marzo de 2025, cun total de 221 contribuíntes e por importe de 7.501,16 €.

Segundo: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Terceiro: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día

seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

11 .- DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DO PADRÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN, CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO DO 4º TRIMESTRE DE 2024

Dáse conta a esta Xunta de Goberno Local, que por resolución da Alcaldía de data 18/03/2025, resolveuse:

"Primeiro. – Avogar con carácter singular a competencia delegada, por Resolución da Alcaldía de 22.06.2023, na Xunta de Goberno Local para a rectificación do acordo de aprobación do padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 4º trimestre do ano 2024.

Segundo.- Rectificar o erro de feito existente no acordo de aprobación do padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 4º trimestre do ano 2024, incluíndo os 151 recibos correspondentes ao Concello de Narón.

Terceiro: Dar traslado do acordo á *Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico SA (COSMA)* para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Cuarto: Dar conta do acordo á Xunta de Goberno Local aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4